

1. Introducción e xustificación: Trato de achegar ao alumno a práctica dun deporte emerxente en Galiza e de gran popularidade na illa de Irlanda, o fútbol Gaélico (FG). Nunha sociedade na que os deportes maioritarios xogan un papel monopolizador faise necesario introducir novas modalidades deportivas que poidan despertar interese no alumnado, dotándolle ademais dunha maior riqueza motriz na súa práctica. O FG é un deporte sociomotriz de colaboración-oposición xogado cun balón esférico similar ao de voleibol pero algo máis pesado. Para a súa práctica úsanse tanto os brazos como as pernas, podendo ser útil para desenvolver capacidades físicas básicas e perceptivo-motrices, como a coordinación óculo-manual e óculo-pédica. Encádrase dentro do bloque de contidos nº 4 (Xogos e Actividades Deportivas) que establece para a ESO o decreto 86/2015.

2. Recursos: Instalacións: polideportivo e aula. Material deportivo: balóns de FG, balóns de gomaespuma, conos, petos de 4 cores, 4 paus de PVC e cinta americana. Tics: youtube.

3. Principais competencias crave: CMCCT, CAA, CSIEE, CSC, CCEC

4. Obxectivos da UD: 1) Coñecer a orixe e historia do FG. 2) Identificar o regulamento básico da práctica do FG. 3) Dominar as diferentes técnicas ofensivas e defensivas do FG. 4) Entender e realizar a táctica ofensiva básica do FG. 5) Respetar as normas de seguridade e as ordes do profesor. 6) Mostrar interese, cooperación e traballo en equipo

5. Contidos: CC: 1) Orixe e historia do FG. 2) Regulamento da práctica do FG. CP: 3) Dominio do Só, golpeo coa man e pateo. 4) Táctica ofensiva no FG: contraataques 5) Respecto ás normas de seguridade e ante o profesor. CA: 6) Interese, cooperación e traballo en equipo.

6.1. Interdisciplinarietà: Lingua Inglesa (por ser de orixe irlandesa) e de CC.SS., Xeografía e Historia. **6.2. Intradisciplinarietà:** con outros deportes sociomotrices como o baloncesto, fútbol sala, balonmán ou voleibol.

7. Educación en valores: o FG caracterízase por ser un deporte que fomenta o compañeirismo e o traballo en equipo, o esforzo colectivo e o respecto polo árbitro, adversario e resto de deportistas.

8. Actividades de ensino-aprendizaxe: Consta de 6 sesións xa que é un deporte novo e a súa interiorización require práctica, sobre todo para o dominio das técnicas básicas.

S1: Introducción ao FG e á súa historia a través de material multimedia. Técnica do Soloing e pase coa man.

S2: Exercicios por parellas e grupais para o dominio das técnicas de pase: golpeo de man e pé.

S3: Exercicios de finalización a través do pase do balón. Xogos de posesión do balón en equipos.

S4: Técnica e táctica defensiva. Situacións de inferioridade numérica ofensiva.

S5: Situacións de xogo real en partidos de 6x6

S6: Avaliación da unidade didáctica.

9. Metodoloxía: asignación de tarefas (exercicios con obxectivos concretos), descubrimento guiado (tarefas con premisas), estilo directo (introdución do deporte, regulamento, explicación da técnica).

10. Actividades complementarias e extraescolares: propónse ao alumnado que asistan a un adestramento do equipo local Auriense FG para entender mellor o deporte e asimilar a súa dinámica de xogo.

11. Atención á diversidade: para os alumnos que non realicen a práctica propóráselles deseñar e defender un traballo de investigación sobre o FG e a súa influencia en Irlanda e en Galicia.

12. Avaliación: Cualificación e instrumentos: o 30% pode corresponde a 10 preguntas tipo test da terceira avaliación sobre o FG ou a un traballo de indagación sobre equipos locais, o 40% a contidos procedimentais recollidos con rúbrica nas sesións 3 e 6; e o 30% a contidos atitudinais usando a lista de control. Criterios de avaliación: 1) Aprender a orixe e historia do FG. 2) Identificar o regulamento básico da práctica do FG. 3) Dominar as diferentes técnicas ofensivas e defensivas do FG. 4) Entender e realizar a táctica ofensiva básica do FG. 5) Respetar as normas de seguridade e as ordes do profesor. 6) Mostrar interese, cooperación e traballo en equipo. Estándares de aprendizaxe: 1) Coñece a orixe histórica e xeográfica do FG, así como o seu impacto social en Irlanda e Galicia. 2) Identifica o regulamento básico e as súas diferenzas entre homes e mulleres. 3) Domina a técnica do “Soloing”, pase coa man (golpeo) e pé, bote, recepción e tiro. 4) Entende e realiza fases ofensivas realizando coberturas e axudas ao xogador con balón. 5) Respecta as normas de seguridade e as ordes do profesor. 6) Mostra interese, cooperación e traballo en equipo.

13. Bibliografía: www.europegaa.eu e www.gaa.com

14. Anexos: material editado polo Auriense FG sobre o regulamento e práctica do FG